



memoria 2022

A organización

Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar é unha entidade privada sen ánimo de lucro declarada de interese galego que nace en maio de 2008, da man de diversos profesionais de ampla experiencia no ámbito da protección da infancia en Galicia, co obxectivo de constituírse na fundación galega de referencia no sector.

Faiben defínese como unha entidade firme e reivindicativa, comprometida coa infancia e a adolescencia en situación de risco e desprotección desde a incondicionalidade e cunha visión de xustiza social.

Conta con tres Casas de Familia (dúas en Vigo e unha en Ribeira) desde as que, a través dun modelo de convivencia familiar e normalizado, se traballa polo dereito dos nenos, nenas e adolescentes a ser membros dunha familia que lles proporcione afecto, seguridade e estabilidade.

Ademais, promove outros programas e servizos que apoien e acompañen os procesos dos nenos, nenas e adolescentes na construción dos seus propios proxectos de vida.

Os equipos

O Padroado, que vela pola estratexia da organización, está formado por 12 profesionais independentes de diversos ámbitos:

Ángel Martínez Puente (Presidente), Carlos Suárez Díaz (Vicepresidente), Carmen Zamora Castro (Secretaria), Ramón García Seara, Juan L. Medín Roca, Juan M. Martínez Puente, Alejandro Rubín Carballo, Alberto González-Abraldes, Ángeles Suárez Muñiz, Vitor Manuel Pereira Da Costa, Carina Diéguez Varela e Antón Mouriz Fernández .

**o equipo de Faiben contou con
27 profesionais en 2022**

Dirixe a entidade Ángel Martínez Puente e o equipo coordinador está formado ademais polo Responsable de Xestión, as Directoras das Casas de Familia, a Responsable do PAF e o Responsable do Servizo Xurídico.

Pola súa parte, os distintos programas, contaron con equipos educativos formados por profesionais de diferentes eidos (psicoloxía, pedagogía, educación social, traballo social, etc.) que se distinguen polo seu compromiso na procura de solucións para os nenos e as nenas e a súa implicación cos valores de Faiben. Unha das características que distingue a este equipo é a estabilidade, cun promedio de dedicación por riba dos nove anos por persoa e con profesionais que levan desenvolvendo a súa labor desde hai máis de 25 anos.

Organigrama



Que facemos

Casas de Familia

As Casas de Familia son un recurso residencial para aqueles nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo que precisan dunha medida de protección por parte da Administración pública, que asume a súa garda ou tutela.

Trátase de vivendas normalizadas, plenamente integradas na comunidade, onde conviven 8 nenos e nenas (de idades entre 0 a 18 anos) cun equipo de entre 5 e 6 educadores, intentando reproducir un modelo familiar que poña en valor a relación persoal con cada neno, nena e adolescente como única, valiosa e duradeira e onde os nenos, ademais de ter un referente adulto estable, atopan un clima de protección afectivo e seguro.

O obxectivo da intervención desde as Casas de Familia de Faiben é contribuír a acadar solucións estables e protectoras para os nenos e nenas, polo que se traballa tamén directamente coas familias, en rede con outros axentes sociais, a fin de que a súa estancia sexa unicamente a necesaria e se atope canto antes unha solución familiar definitiva.

Faiben conta con tres casas de familia (dúas en Vigo e unha en Ribeira), nas que residiron 32 nenos, nenas e adolescentes no 2022.

Cada casa conta con 8 prazas residenciais que rexistraron unha ocupación media do 83,26%.

A Casa de Ribeira e unha de Vigo contan, ademais, con dúas prazas para a atención de día de aqueles nenos e nenas con medidas de apoio familiar, cunha ocupación media do 43,53%.



32 nenos e nenas

atendidos no 2022



1 ano, 8 meses e 12 días

de promedio de permanencia nas casas



163 nenos e nenas

atendidos desde 2008

**na Casa de Familia de Rosalía antes de 2008 foron atendidos 50 nenos e nenas máis, para un total de 201.*



83,26% de ocupación media

A intervención desde as Casas de Familia

Desde as Casas realízanse intervencións socioeducativas personalizadas con cada neno, nena ou adolescente que abarcan, de forma integral, dous grandes bloques de obxectivos: dun lado, os relacionados co desenvolvemento persoal e, doutro, os relacionados coa integración social.

O documento técnico que ten como función facilitar e canalizar esa atención individualizada é o Proxecto Educativo Individualizado (PEI).

As intervencións céntranse na estimulación e apoio ao desenvolvemento das capacidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais; no apoio emocional; na formación e adestramento en habilidades, actitudes e destrezas persoais e sociais... con especial relevancia para:

- O apoio psicosocial, con atención aos conflitos psicolóxicos dos nenos e nenas que interfiran a estruturación da súa personalidade, o seu proceso madurativo ou a súa capacidade de socialización.
- A intervención coas familias, co fin de proporcionarlles pautas de crianza e de atención adecuada adaptadas a cada situación concreta.
- A promoción da autonomía persoal progresiva, potenciando a participación, a asunción de responsabilidades e o desempeño eficaz en contextos grupais e sociais.

Tempos de estancia

Considerando os 32 nenos e nenas residentes nalgún momento do 2022, o tempo medio de estancia é de 1 ano, 8 meses e 12 días.

Se consideramos unicamente as baixas producidas no ano, o tempo baixa ata o 1 ano, 3 meses e 2 días.

Más aló dos tempos concretos, a estancia media descendeu en un ano respecto á de 2021, confirmando a tendencia na redución dos tempos das medidas de protección que, non debemos esquecer, deben ser o máis limitadas no tempo que sexa posible.

Satisfacción

Os axentes participantes no programa amosaron altos niveis de satisfacción co mesmo, destacando:

- Por parte dos equipos educativos o aliñamento coa estratexia e a cultura da entidade (cunha satisfacción do 86%) e a orientación ás necesidades dos nenos e nenas (85%).
- Por parte dos nenos e nenas (81%), un ano máis, valorando o apoio dos educadores e educadoras ás súas familias.
- E polos centros educativos (99%), destacando a empatía, capacidade de resposta, seguridade e fiabilidade.


que facemos

Perfil dos nenos e nenas

Dos 32 nenos e nenas atendidos, o 53% foron nenas e o 47% nenos, 33 en praza residencial (o 92%) e 3 en praza de día (8%).

O 34% teñen necesidades de apoio educativo e o 72% precisan de algún tipo de terapia ou apoio psicolóxico.


No referente ás idades, o 81% dos nenos e nenas tiñan entre 7 e 18 anos, como corresponde a este tipo de recurso. No outro extremo, houbo dous nenos menores de 3 anos (o 6% do total).



Perfil das familias

Polo que respecta ás familias, non existe un perfil definido nin para a composición nin para os ingresos familiares.


As tipoloxías familiares máis frecuentes son as de familias nucleares (parella e fillos) e extensa (constituída por varias xeracións: avós, netos, fillos, tíos, etc.).



En canto aos ingresos familiares, pode destacarse que o 41% das familias obtivéronos ben por ter un traballo cotizado ben por ter algunha pensión contributiva, fronte ao 44% que non tiñan ingresos ou os percibían de prestacións non contributivas, de integración social, traballo sen cotizar, etc. Do 16% restante descoñécese a procedencia.

Por último, cabe destacar que as familias presentan situacións multiproblemáticas, cuxa valoración conxunta é a que motiva a intervención.

En concreto detéctanse falta de habilidades persoais ou falta de habilidades parentais no 94% e 87% das familias respectivamente, sendo ou a deficiente xestión emocional (84%) outro dos problemas destacados.



Altas e baixas

No 2022 producíronse 12 altas e 7 baixas.

Das altas rexistradas, 11 foron para prazas residenciais e delas, o 42% foron prazas denominadas especiais, destinadas a nenos, nenas ou adolescentes que, ou ben son menores de 3 anos, ou teñen unha discapacidade igual ou superior ao 50% ou ben requiren dunha atención especializada por outros motivos.

Houbo 1 ingreso para prazas de día, se ben, dous nenos máis accederon a praza de día tras ocupar prazas residenciais e como transición cara a unha posible reintegración familiar.

Por idade, destaca que o 8% das altas (1) foron nenas e nenos menores de 3 anos e, especialmente, que o 57% das baixas foron de nenas e nenos maiores de 16 anos, algún deles con estadía prolongada.

Por tipos de praza		
	altas	baixas
prazas xerais	6	5
prazas especiais	5	2
prazas de día	1	0
prazas UPA	0	0
Total	12	7

que facemos

Situacións administrativas nas prazas residenciais

Do total dos nenos e nenas residentes nas Casas de Familia Faiben no 2022, o 62% (20 dos 32) ingresaron por tutela administrativa. O 34% restante o fixeron en virtude de garda voluntaria (3) ou provisional (8).

Considerando só as altas no 2022, 5 das 12 altas (o 42%) ingresaron por tutelas fronte aos 6 ingresos (55%) por garda (5 provisionais e 1 voluntaria).

Ao finalizar o ano, 24 dos 32 nenos e nenas acollidos (o 75%), están baixo tutela administrativa e 7 permanecen en garda (3 voluntaria e 4 provisionais). Das gardas provisionais iniciais, 3 cambiaron a tutela, dúas delas no 2022, e outra cambiou de garda provisional a voluntaria tamén no 2022.

A duración media das gardas provisionais finalizadas no 2022 foi de 8 meses e 16 días.

Situación administrativas iniciais (todos os residentes no 2022)



● tutela ● garda prov ● garda vol ● apoio

Situación administrativas a 31/12/22



● tutela ● garda prov ● garda vol ● apoio

Motivos das baixas

As Casas de Familia, como lugares de paso, están orientadas a favorecer a saída dos nenos e nenas en condicións de protección e estabilidade, primando a permanencia na familia de orixe e o mantemento das relacións familiares sempre que sexa posible.

A previsión inicial soe ser, polo tanto, a de traballar pola reagrupación familiar o que, en sentido amplo (acumulando os regresos tanto á familia de orixe ou á familia extensa) produciuse no 28% das saídas.


Non consideramos a efectos estatísticos como saída (aínda que si como baixa) os casos de traslado a outro centro de acollemento (2 no 2022), pois están máis relacionados co tipo de recurso axeitado ás necesidades e características deses nenos, nenas ou adolescentes, que coa evolución da súa situación persoal ou familiar.

Polo tanto, exceptuando os traslados, as saídas foron:

- A reagrupación familiar, que se produciu en un caso. Supón o regreso dos nenos ou nenas á familia de orixe cando desaparecen ou se reducen as circunstancias que produciron o risco ou a desprotección ou ben cando alcanzan a maioría de idade e regresan.
- O acollemento en familia allea, nun único caso. Esta saída non supón en sentido estrito una “baixa” no sistema de protección, ao contrario, supón a continuidade da garda como medida

temporal de protección nun recurso máis axeitado ás características e idade do neno ou nena.

- O acollemento en familia allea, 2 casos. Esta saída, como a anterior, non supón en sentido estrito una “baixa” no sistema de protección, ao contrario, supuxo a continuidade da tutela como medida temporal de protección nun recurso máis axeitado e respectuoso co dereito a vivir nun ambiente familiar.
- O acceso á maioría de idade, en 1 ocasión (neno considerado MENA que, logo dunha prórroga por estudos de 8 meses, viuse abocado a iniciar unha vida independente).



Acompañamento a Familias

O Programa de Acompañamento a Familias (PAF) nace en 2019 grazas á suma de esforzos de tres entidades, Laura Vicuña (en Caldas de Reis), Sta. Joaquina de Vedruna (en Vigo) e Faiben, como un recurso complementario destinado a mellorar a intervención realizada desde as súas Casas de Familia.

As Casas preséntase como un recurso protector para os nenos, nenas e adolescentes nas que se presta unha atención directa aos mesmos pero, si os condicionantes familiares que provocan a desprotección non cambian dun xeito substancial, a reintegración familiar estable e protectora non se pode producir.

O programa pretende, polo tanto, propiciar cambios nas dinámicas familiares que contribúan a lograr situacións familiares protectoras a través do acompañamento, así como acadar unha visión próxima das situacións familiares que favoreza, no seu caso, a toma de decisións.

Acompañamento a Familias		
Procedencia	Familias participantes	nenos e nenas
Casas de Familia Faiben	5	7
Casa de Familia Laura Vicuña	5	9
Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna	2	2
	12	18

Resultados

Participaron no programa un total de 12 familias e 18 nenos e nenas.

Dúas familias causaron baixa por falla de colaboración/implicación e incumprimento de obxectivos. Nun dos casos produciuse un cambio de medida, de atención de día, pasouse a residencial, e os seus pais foron baixa do PAF por falla de cumprimento de obxectivos.

Noutra familia os nenos pasaron de praza residencial a atención de día e segue acompañándose a reintegración.

O 39% das familias do PAF que melloraron os obxectivos establecidos nos seus plans de traballo.

As intervencións centráronse, inicialmente, en acadar unha visión máis clarificadora e próxima das situacións familiares. Elaboráronse os respectivos plans de traballo adaptados ás necesidades e características de cada unidade familiar. O traballo coas familias incluíu tanto o acompañamento en procesos inclusivos como o apoio individualizado no desenvolvemento de habilidades.

Para acadar os obxectivos e a inclusión social plena das familias é fundamental, en todo o proceso, a coordinación do PAF co Equipo Técnico do Menor, cos Servizos Sociais correspondentes e con outros recursos da contorna específicos (en temas de empregabilidade, incorporación laboral, formación...).

Programa Contigo

Os mozos e mozas acollidos nas nosas Casas de Familia enfróntanse a serias dificultades a partir da súa saída e especialmente cando, na maioría dos casos, cumprir 18 anos supón deixar o recurso sen consideración da existencia dunha familia, unha rede de apoio externa ou dos propios recursos para afrontar as dificultades do comezo dunha vida autónoma.

Emanciparse supón un gran reto no que é preciso poñer en valor todas as fortalezas e habilidades propias e resulta innegable que, no caso dos mozos e mozas ex tutelados, as historias persoais previas condicionan o proceso colocándoos nunha situación de extrema vulnerabilidade.

Buscar piso, formarse, acceder a un posto de traballo e mantelo, tramitar documentación, aprender a xestionar a propia economía, ter adultos de confianza cerca, velar por unha boa rede de amigos... son só algunhas das cuestións que deben resolver de forma autónoma.

Por elo, co obxectivo de garantir a estabilidade afectiva e económica dos nenos e nenas na súa saída ou posteriormente en outros procesos de máis longa duración, o Programa Contigo propón un acompañamento profesional, por parte dunha persoa de referencia para eles, que lles aporte apoio emocional, acompañamento na inserción laboral, no lecer,

nos estudos, na busca de vivenda e, en definitiva, na mellora das súas competencias e habilidades que lles axuden a evitar situacións de marxinalidade.

Este soporte técnico concrétese, en cada caso, nun plan de traballo individual que poida dar resposta ás demandas dos mozos e mozas, no que é habitual a derivación a outros servizos e proxectos específicos da rede de atención social.

Algúns exemplos dos apoios que se prestan desde o programa son:

- No ámbito persoal e familiar: asesoramento en crises familiares, problemas de convivencia cos pais ou acolletores, problemas psicolóxicos ou sociais...
- No legal: orientación en asuntos xudiciais, curatelas, emancipacións, tramitación de herdanzas, documentación...
- No ámbito residencial: apoio na busca de vivenda e mantemento da mesma.
- Ante dificultades económicas: prestación de fianzas e apoios puntuais.
- E no ámbito formativo e laboral: axuda para a elaboración do currículo, na busca activa de emprego, asesoramento laboral...

Os apoios económicos no 2022 ascenderon a un total de 11.556,87 euros prestándose, en total, acompañamento a 63 mozas e mozos diferentes.

Programa En familia

O Programa de Experiencias familiares de referencia “En Familia” nace a finais de 2020 impulsado pola Fundación Faiben, a Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, a Casa de Familia Laura Vicuña e a Asociación Galega de Adopción e Acollemento Manaia.

O programa pretende proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento.

Trátase de ofrecer a eses nenos, nenas e adolescentes un marco referencial de vida nun núcleo pequeno como é a familia, onde a colaboración, a axuda e o respecto posibiliten experiencias que permitan o coñecemento que supón unha relación familiar que axude a incrementar a súa autoestima e seguridade persoal á vez que amplíe a súa rede relacional.

O proxecto aborda as necesidades non cubertas dos nenos, nenas e adolescentes ofrecendo un recurso inexistente ata hoxe en Galicia e require do estudo e valoración dos perfís dos nenos, nenas e adolescentes participantes, así como da difusión, captación, formación e valoración das familias colaboradoras adecuadas ás necesidades da persoa menor de idade, así como do acompañamento posterior.

Ao longo do 2022 realizáronse diferentes actividades de difusión, sensibilización e captación coas que se logrou que trece familias participaran finalmente na formación. Nove delas foron valoradas para o programa e se constituíron en familias de referencia.

En canto ás nenas e nenos participantes, foron valoradas dezanove nenas e nenos, das que accederon a experiencias en familia un total de doce, permanecendo sete en espera.

Do perfil das nenas e nenos cabe destacar que trece pertencen a minorías étnicas, cinco teñen discapacidade, doce pertencen a grupos de irmáns e o 74% contan con idades entre os sete e doce anos.

Obsérvase o beneficio emocional e reparador que as figuras de referencia estables, axeitadas e acompañadas aportan os nenos, nenas e adolescentes que sofren de adversidade temperá, ao tempo que se constata a existencia de familias que poden constituírse en referentes para nenas, nenos e adolescentes que inicialmente non contaban con alternativa ó acollemento residencial.

En definitiva, o proxecto mostrouse coma unha alternativa innovadora que contou cunha boa acollida tanto por parte dos centros residenciais como da administración.

Departamento Xurídico

O departamento configúrase como un servizo de apoio técnico e mellora continua, realizando tarefas relacionadas cos distintos servizos.

En relación coa Dirección da entidade: o control do cumprimento normativo da Fundación nas distintas áreas (calidade, protección de datos, prevención de riscos, normativa específica dos centros de protección, etc.), planificación de proxectos, subvencións, xestión de recursos humanos, etc.

En relación coas Casas de Familia: apoio técnico-legal no desenvolvemento dos proxectos educativos individuais dos nenos e nenas, en relación coas medidas de protección (acollementos, plans de caso, traslados, baixas...), coas situacións administrativas (tutela, garda voluntaria e garda provisional, medidas de apoio), consultas, protección parental no acceso ás novas tecnoloxías, recursos, etc.

Relacionado coas Casas pero tamén cos outros servizos complementarios, Programa de Acompañamento a Familias, Programa En familia e o Programa Contigo, inclúense:

- Trámites relacionados cos nenos e nenas e as súas familias como a tramitación de seguros, multas, estranxeiría, etc.
- Outros trámites específicos das persoas menores non acompañadas (situacións administrativas, obtención de documentación -

pasaporte, documento de identidade, autorización de residencia-, etc.).

- Apoio e asesoramento legal ás persoas ex tuteladas, na tramitación de axudas, multas, autorizacións de residencia de estranxeiros, etc.

Por último, en relación coa mellora do sistema de protección de menores a nivel autonómico, pode destacarse a coordinación coas distintas Fiscalías de Menores, tanto no seguimento das intervencións como na denuncia de situacións de desprotección; a coordinación, elevación de queixas e propostas ao Valedor do Pobo (alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades das persoas menores de idade) e o traballo en rede con outras entidades.

A continuación recóllense as intervencións en relación co total de nenos e nenas acollidos en cada casa.

Recurso/ Servizo	Nº de casos	Situacións administrativas (garda-tutela)	Altas / baixas	Outras intervencións e asuntos xudiciais	Estranxeiría
Casa de Familia Faiben Vigo 1	5 de 10 (50%)		2	2	0
Casa de Familia Faiben Vigo 2	5 de 11 (45%)		1	2	3
Casa de Familia Faiben Ribeira	7 de 12 (58%)		1	1	4
Outros servizos (PAF, Contigo) ou centros	6		2	0	1
	23		6	5	8
					5

Boas prácticas

A Fundación Faiben orienta a súa misión a velar polo respecto ao interese superior dos nenos e nenas en todas as accións e decisións que lles afecten, con especial atención aos Dereitos da Infancia, que inclúen:

- A non discriminación e o dereito á preservación da propia identidade, cultura, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual ou idioma.
- A protección do dereito á vida, á supervivencia, ao desenvolvemento e á satisfacción das súas necesidades tanto materiais como emocionais e afectivas.
- A participación, coa consideración dos seus propios desexos, sentimentos e opinións.
- E a conveniencia de que a súa vida e desenvolvemento teña lugar nun entorno familiar adecuado e libre de violencia.

No desenvolvemento desa misión, Faiben aposta decididamente por unha intervención:

- Incondicional, entendida como a posta en valor de cada relación persoal coma única e valiosa.
- Vocacional ao tempo que profesional.
- E comprometida cos dereitos dos nenos e nenas.

Ademais, a entidade aposta pola mellora continua como a vía para afrontar os novos retos dunha realidade social en constante cambio a través da calidade e a formación:

Política de calidade

Na nosa preocupación por prestar os mellores servizos temos establecida unha política de calidade para as Casas de Familia, cun sistema de xestión certificado na norma ISO 9001:2015 desde o ano 2017.

Un enfoque proactivo que contribúe a sistematizar o traballo profesional e comprometido cos dereitos das nenas, nenos e adolescentes, coas familias, co persoal da entidade e co sector da protección da infancia.

Formación continua

No acompañamento de nenos, nenas e adolescentes é preciso ter en conta e atender axeitadamente as situacións de dano emocional.

Por iso, co obxectivo de axustar a capacitación do persoal educativo a esas necesidades das persoas destinatarias e aos requirimentos cambiantes do servizo, elaborouse un Plan de Formación conxunto entre dúas entidades: Sta Joaquina de Vedruna - Carmelitas e a Fundación Faiben.

O plan é o resultado da sinerxía entre dúas entidades cunha filosofía común e unha forte aposta pola colaboración. As accións desenvoltas forman parte dun plan maior, programado para un período de tres anos, e complementáanse con outras accións formativas externas, tanto presenciais como online.

O plan de formación foi revisado en decembro de 2021 incluíndo contidos relacionados con tres bloques de interese:

Os relacionados coa intervención:

- Afectación infantil: trastornos do apego, alteracións no desenvolvemento, alteracións traumáticas.
- Crianza terapéutica. Relación de coidado. Relación de apego seguro reparador.
- Competencias para a xestión de situacións relacionalmente difíciles. Estabilización.
- Educación afectivo-sexual.
- Adicións.
- Relación coas familias de orixe.
- Plans de saída: transicións cara á reintegración, acollemento, adopción, autonomía.
- Primeiros auxilios

Os relacionados cos equipos educativos:

- Regulación emocional. Intervención desde a seguridade. Mentalización.

E os relacionados co contexto:

- Lexislación en materia de protección de menores.

Organizáronse sesións presenciais nas que se contou con especialistas de referencia como Rafael Benito Moraga (Psiquiatra), que dirixiu a sesión sobre *Aspectos neurobiolóxicos do trauma infantil e a resiliencia cerebral - A cura do cerebro/mente danado a través do coidado e as relacións interpersoais reparadoras*; Alberto Rodríguez González (Especialista en Acollemento e Adopción de AGINTZARI), que falou do Acollemento familiar - Estratexias e ferramentas de intervención e con Laura Fariña (Psicóloga do Centro Alén e membro do equipo de Crianza Terapéutica), na sesión sobre *Adversidades traumáticas - Disociación*.

Orixe dos recursos


O orzamento de Faiben no 2022 ascendeu á cantidade de 890.283,75 €.

O 90,92% dos fondos procederon dos tres contratos administrativos de servizos da Xunta de Galicia coas nosas Casas de Familia.

Outras fontes públicas de financiamento foron as subvencións das Deputacións de Pontevedra e A Coruña (que cofinancian o Programa de Acompañamento a familias de orixe) ou a subvención con cargo do IRPF (que cofinanciou o Programa En Familia). O Programa Contigo, pola súa parte, recibiu financiamento do Concello de Ribeira.

Respecto aos ingresos privados, ademais da aportación de socios e doantes, contamos un ano máis coa colaboración da Fundación José Otero - Carmela Martínez e os ingresos da alianza coas Casas de Familia Laura Vicuña e Santa Joaquina de Vedruna para os Programas de Acompañamento a Familias de orixe.



Orixe dos fondos		
	importe	importe
Contratos Xunta de Galicia	809.456,47 €	90,92%
Subvención con cargo ao IRPF	9.522,90 €	1,07%
Deputación de A Coruña	6.384,55 €	0,72%
Deputación de Pontevedra	5.300,82 €	0,60%
Concello de Ribeira	3.000,00 €	0,34%
Fundación José Otero - Carmela Martínez	3.200,00 €	0,36%
Convenios	19.087,91 €	2,14%
Socios e doantes	34.331,10 €	3,86%
Total	890.283,75 €	



Destino dos gastos

Por programas		
	importe	
Programa Casas de Familia	797.203,30 €	84,65%
Programa de Acompañamento a Familias	44.039,28 €	4,68%
Programa En Familia	39.912,67 €	4,24%
Programa Contigo	11.556,87 €	1,23%
Gastos xerais	49.046,37 €	5,21%
Total	941.758,49 €	

Por categoría		
	importe	
Recursos humanos e formación	718.835,85 €	67,55%
Gastos de funcionamento Cdf	120.178,74 €	13,70%
Alugueres	35.890,60 €	3,21%
Reparacións	12.652,13 €	5,99%
Axudas monetarias	11.556,87 €	0,80%
Servizos externos	20.964,14 €	1,73%
Gastos financeiros	9.370,73 €	3,80%
Outros gastos	12.309,43 €	3,21%
Total	941.758,49 €	



Agradecementos

Ás persoas socias, doantes e entidades colaboradoras polo seu apoio e esforzo.

Aos Equipos Técnicos do Menor, centros educativos, servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, persoal sanitario e demais axentes polo traballo conxunto na protección da infancia.

Á Asociación Manaia, ás Casas de Familia Laura Vicuña e Santa Joaquina de Vedruna, Centro de psicoloxía Achega, Asociación Provivienda, Centro Cívico Cidade Vella (A Coruña), Centro Cívico A Ponte (Ourense) e demais entidades polo trabalo en rede.

Ás administracións públicas (autonómica, provincial e local) que colaboran connosco pola confianza no noso traballo.

A vosa colaboración é imprescindible para seguir defendendo os dereitos da infancia.

Grazas

Cofinanciadores públicos:



Empresas e outras organizacións colaboradoras:



Moradiña S.A.

Entidades coas que traballamos en rede:



